

Regulamento sobre provisión temporal de postos de traballo das escalas e subescalas de persoal funcionario en réxime de promoción interna

Dende a conclusión do proceso de funcionarización nos atopamos con problemas para a cobertura de postos dentro das escalas/subescalas nas que se integrou o persoal laboral funcionarizado. Esta situación leva arrastrándose anos nalgúns casos, e o **Regulamento sobre provisión temporal de postos de traballo das escalas e subescalas de persoal funcionario en réxime de promoción interna** pretende ser unha solución a eses problemas. Este regulamento podería ser usado para solucionar outros, pero en ningún caso pretende crear un problema onde non o hai.

Aparentemente se está ligando este documento ás convocatorias de ampliacións de listas, coas que non ten nada que ver.

Quen queira unha versión breve, pode ir ó último apartado, pero quen pretenda entender o problema debería ler ós antecedentes, pois son estes os que explican a necesidade do documento.

Antecedentes

1º-**Na subescala de bibliotecas, escala de axudantes de arquivo e bibliotecas (A2, “axudantes”)** as coberturas por necesidades temporais fanse pola lista correspondente, que se pode consultar na web da uvigo. Nesa lista hai persoal que é funcionario de carreira da propio uvigo, da mesma subescala de bibliotecas, escala Técnica Especialista de Bibliotecas (C1, “TEBs”) e persoal que non é funcionario de carreira e opta a ser funcionario interino.

Cando se fai unha oferta (para ir a Axudante, A2) a un deses compañeiros/as funcionarios de carreira da mesma subescala de Biblioteca (TEB, C1) **non se lle oferta como comisión de servizo** (co argumento de que non se pode dar un salto de grupo, dende o grupo C ao grupo A), senón que a oferta **chégalle para unha cobertura temporal sen reserva de praza**. O resultado é que para aceptar unha oferta de traballo temporal un TEB ten que renunciar o seu posto como funcionario de carreira (en consecuencia o posto que deixa se oferta e cubre) e cando remata o seu traballo de axudante non ten praza a que volver, tendo que solicitar o reingreso aos servizo activo e agardar, en situación de desemprego, a que algún día haxa unha vacante e se lle ofrezca para o desempeño en adscrición provisional.

A situación actual para as compañeiras, TEBs, funcionarias de carreira, é dual: hai algunhas que están nomeadas como funcionarias interinas en postos de axudante e non teñen praza onde volver cando remate o seu nomeamento, e outras que non aceptan as ofertas que lle corresponden polo posto que teñen na lista, para non verse nesa situación.

2º-**Na subescala de conserxería, escala Técnica Especialista de Servizos Xerais (c1, “conserxe” ou “TESX”)**, ata o ano pasado, parecía haber menos problema. Neste caso existe unha lista, que provén da oposición por promoción interna convocada no 2018, tamén se pode consultar na web.

Antes da funcionarización, no ámbito laboral, cando era necesaria a cobertura dun posto de conserxe, ofrecíase por esta lista, provinte da oposición, e, de non quedar persoal dispoñible nela, o método que se tiña usado excepcionalmente, e acordado cos comités de empresa, era ofrecelo ós auxiliares de servizo laborais fixos, primeiro da unidade e logo do campus, ordenados por antigüidade.

No momento da funcionarización, o persoal que estaba en adscrición provisional coma conserxe pasou a estar en comisión de servizos nese mesmo posto na nova RPT funcional. Este sistema é o que se trasladou, despois da funcionarización, ó regulamento de comisións de servizos, que se modificou para darlle cabida ó método e criterios que se viñan usando, sen afectar ó xa previsto na escala de administración.

O sistema seguiu funcionando ata o ano pasado, ofertando comisións de servizo ao persoal que figura na lista, funcionarios de carreira da Uvigo, subescala de conserxería, escala auxiliar técnica de servizos xerais (C2, "ATSX") cando foi necesaria a cobertura de postos de conserxe (C1, TESX). Cando non houbo na lista persoal dispoñible, ofrecéronse coma comisión de servizos ós ATSX funcionarios de carreira cos criterios antes mencionados.

A situación actual é que dende xerencia se nos traslada dende fai meses, que agora "non se pode" ofrecer coma comisión de servizos, e hai postos de conserxe sen cubrir.

3º-Situacións parecidas as anteriores poden ter facilmente lugar noutras escalas/subescalas procedentes do ámbito laboral, principalmente pola falta de adscrición a mais de un grupo/subgrupo na RPT da inmensa maioría destas prazas, e pola interpretación mais restritiva das comisión de servizo que se está a facer dende a universidade.

4º-O regulamento acordouse o 24 de maio de 2024 entre a Xerencia e a Comisión Unitaria de Negociación, integrada por representantes da anterior Xunta PTXAS e dos anteriores comités de empresa de persoal laboral de Ourense e Pontevedra, coa intención de solucionar os problemas antes explicados, que tiña o persoal da biblioteca e outros similares que puideren xurdir no futuro.

5º-Despois de dous anos publicado e vixente, á actual Xunta PTXAS non lle constaba, ata os últimos días, ningunha queixa do persoal de administración por este regulamento. Cóstanlle en cambio queixas de TEBs e ATSX porque segue sen aplicárselle efectivamente.

6º-En ningunha das asembleas de mediados de abril, cando este documento levaba semanas pendurado en exposición pública, se recibiu ningunha queixa pola texto do regulamento. Sí se recibiron de novo (concretamente na asemblea de Vigo, pola tarde) queixas polos problemas mencionados nos puntos 1º e 2º.

7º-A proposta de Xerencia, xa hai meses, ante as queixas repetidas por esta Xunta PTXAS polos problemas mencionados no puntos 1º e 2º, foi insistir en que a solución a ambos era a aplicación efectiva do regulamento e a súa elevación a Consello de Goberno.

Dentro da xunta PTXAS as únicas discusión que houbo foron sobre a necesidade de este paso polo Consello de Goberno, non se puxo en dúbida o propio documento nin o que se pretendía con el. Como se dixo no punto 5º, nunca recibimos unha queixa ó respecto.

8º-Despois de todo o anterior, e de novas dilacións e mais queixas por parte da xunta PTXAS porque a situación en Biblioteca e conserxerías seguía igual, por fin se chega á situación actual, coa exposición pública do regulamento.

Qué pretende este regulamento

Solucionar un problema que se arrastra dende hai anos.

Nesta casa os PTXAS levamos moito tempo queixándonos pola falla de promoción interna, que debería vir dada por unha nova e mellor RPT, e unhas Ofertas de Emprego dignas dunha universidade pública.

Este regulamento para a promoción interna non vai solucionar os grandes problemas de fondo, e nos vindeiros anos teremos que loitar, unidos, para enderezar ese rumbo. O que tampouco vai facer é crearlle problemas onde non os hai.

O único que se pretende é, ante a falla dunha solución estrutural e unha cobertura definitiva de postos en RPT, que se terá que dar por outros medios, ofrecerlle ó persoal unha posibilidade de acceder a maiores responsabilidades.

En qué afecta este regulamento á subescala de administración

O persoal da subescala de administración non está afectado significativamente pola aplicación do regulamento. En adiante, cando se produza unha necesidade de cobertura de postos do grupo A2 na subescala de administración, poderá ser nomeado funcionario interino o persoal do grupo C1 que está na lista de agarda procedente da promoción interna dos anos 2016 e 2017. O persoal da subescala de administración que figura nas listas de agarda doutras escalas (Letrados, por exemplo) poderá aceptar chamamentos, de ser o caso, por este acordo. O regulamento permite que, cando se produza a cobertura, temporal ou definitiva, das prazas das xefaturas do servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos e do servizo de Xestión Universitaria por parte de persoal do grupo A2, o persoal do grupo C1 subescala administración que se presentou aos procesos de promoción interna poida ocupar as prazas que queden libres.

O Acordo sobre Selección Temporal, Acceso Interno e Adscrición provisional do PAS da Universidade de Vigo (D.O.G. de 07/04/2009) regula a convocatoria de chamamento de persoal temporal cando haxa necesidades de cobertura. O punto 2.2 do Acordo indica:

Concluído o proceso selectivo correspondente, a Xerencia elaborará as listaxes de agarda para a provisión temporal das prazas de persoal funcionario ou laboral. O persoal que superase o exame ou exames previstos nas convocatorias e de acordo cos baremos destas, de non obter praza na citada oferta, figurará na lista correspondente na orde obtida no concurso-oposición.

Este punto se ve completado polo punto 2.3, que indica:

2.3 De tratarse da cobertura de necesidades que non foron convocadas na oferta de emprego con carácter previo á súa cobertura, ou ben de esgotarse as listas de anteriores, realizaranse convocatorias específicas, que serán subsidiarias, de ser o caso, das xerais derivadas do concurso-oposición correspondente.

A Xunta PXAS e a comisión do seguimento do Acordo de Selección Temporal, Acceso interno e Adscrición Provisional do PAS da Universidade de Vigo de 2009 o 12 de febreiro de 2026 adoptaron a decisión de incluír unha disposición adicional 2ª ao regulamento, aclaratoria da subsidiariedade das listas de agarda que repite case textualmente o establecido no artigo 2.3 do Acordo de 2009:

...De tratarse da cobertura de necesidades que non foron convocadas na oferta de emprego con carácter previo á súa cobertura, ou ben de esgotarse as listas anteriores, realizaranse convocatorias específicas, que serán subsidiarias, de ser o caso, das xerais, tanto de promoción interna como de acceso libre, derivadas do concurso-oposición correspondente.

Esta disposición adicional garante, para o persoal que figura nas listas de agarda derivadas do concurso-oposición da OEP de 2021 figurar en lugar preferente fronte ao persoal que supere a convocatoria de ampliación da lista de agarda da escala auxiliar administrativa, subescala de administración, subgrupo C2, aprobada por resolución reitoral do 16 de abril de 2026, tanto de acceso libre como de promoción interna.

A norma derradeira, punto 1, desta última convocatoria indica:

...De ser o caso, esta lista de agarda terá carácter subsidiario das xerais derivadas da convocatoria para persoal fixo correspondente, tanto de promoción interna como de acceso libre.

Polo tanto, tanto o Acordo de Selección Temporal, Acceso interno e Adscrición Provisional, como o Regulamento sobre Provisión temporal de postos de traballo das escalas e subescalas de persoal funcionario en réxime de Promoción Interna como a convocatoria de ampliación de lista de agarda da escala auxiliar administrativa garanten para o persoal que figura nas listas de agarda derivadas do concurso-oposición da OPE 2021 figurar no mesmo posto nas listas de chamamentos que viñan ocupando ata agora, sen que persoal que supere a convocatoria de ampliación da lista de agarda lles supere, tanto na quenda de promoción interna como de acceso libre.